

Dspace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

A. Rodríguez Guerra (2004): “Achegamento á sintaxe dos falares mañego, lagarteiro e valverdeiro: o nivel frástico”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 393-414.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

ACHEGAMENTO Á SINTAXE DOS FALARES MAÑEGO, LAGARTEIRO E VALVERDEIRO: O NIVEL FRÁSTICO*

Alexandre Rodríguez Guerra

Universidad de Salamanca

1. INTRODUCCIÓN

Duns anos para acó a cantidade de estudos sobre a(s) lingua(s) das localidades cacereñas¹ de S. Martiño de Trevello, As Ellas e Valverde² experimentou un importante aumento. Así, e dentro das nosas fronteiras, ocupáronse das mesmas filólogos, xornalistas, e incluso protagonizaron programas nos medios de comunicación audiovisual; fóra delas, cómpre destaca-lo *Congreso Internacional Luso-Español de Lingua e Cultura na Fronteira*³ con cinco comunicacións sobre estas falas⁴.

De xeito proporcional vai aumentando o acaloramento nos debates e discusións verbo da súa orixe e posterior filiación ou irmandade lingüística. Variantes do portu-

* O presente estudio insírese dentro proxecto de investigación de *Gramática Histórica da Lingua Galega –Sintaxe–* subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e que se está a desenvolver no Instituto da Lingua Galega. Así mesmo, non queremos deixar pasar esta oportunidade para agradecer-la amabilidade e a concienciación lingüística dos mañego-lagarteiro-valverdeiros.

¹ As tres están situadas no noroeste de Cáceres.

² A súa autodenominación, en idéntica orde, é a que nos vale de título.

³ Celebrado en Cáceres do 1 ó 3 de decembro de 1994. As *Actas* publicounas en 1996 o Servizo de Publicacións da Universidade de Extremadura, e os responsables da súa edición foron J. M. Carrasco González e A. Viudas Camarasa.

⁴ Recóllense na *Parte II do Tomo I* e son as seguintes: José Enrique Gargallo Gil, “La ‘Fala de Xálama’ entre los más jóvenes: Un par de sondeos escolares (de 1991 y 1992)”, pp. 333-49 [con material orixinal fotocopiado nas pp. 350-6]; Xosé Henrique Costas González, “O galego de Extremadura: As falas do Val do Río Ellas”, pp. 357-76; José Luis Martín Galindo, “*O fenómeno lingüístico y cultural do Val de Xálama* - El fenómeno lingüístico y cultural del Valle de Jálama”, pp. 377-406; Antoniu Garrido Correas, “Jablaris Fronteridus en Estremaúra; algotrus jablaris (breve análise) - *Hablas fronteras en Extremadura; algunas otras hablas (breve análisis)*”, pp. 447-67; Asunción Sónora Abuín, Rita Paredes Caio, Manuel Portela Parceros e Miguel Anxo Sartal Lourenzo, “Aproximación sociolingüística ó Val do Río Ellas (Cáceres): Estudio dos usos e actitudes lingüísticas”, pp. 407-14.

gués, do portugués-castelán, do leonés, luso-leonés, do galego, galego-portugués... ou galego-portugués leonesizado... son algunhas das hipóteses que se barallan, e, en non poucas ocasións, os argumentos manexados son, cando menos, insuficientes.

Co noso traballo non pretendemos dar resposta a este interrogante orixinario, nin sequera achegarnos á caloríña do debate, unicamente queremos analizar sistematicamente un aspecto⁵ destes falares que, para nós, está desatendido.

2. O CORPUS

En efecto, non hai ningún estudio específico sobre a sintaxe destas falas⁶. A bibliografía manexada, como moito, válese dun caixón de xastre denominado morfosintaxe. Evidentemente a empresa de analizar toda a sintaxe mañego-lagarteiro-valverdeira (a partir de agora a *fala*) supera as modestas posibilidades destas poucas páxinas. Por iso o que fixemos foi reduci-lo noso campo de actuación a un corpus limitado: cincocentas oracións, con tódalas frases incluídas nelas. Os exemplos proveñen tanto do rexistro escrito –ensaio, narrativa curta e mesmo poesía–, coma do oral.

Semellante redución vai deixar de lado bastantes fenómenos ou posibilidades constructivas da *fala*, pero un bo número delas verá a luz por primeira vez e, dende logo, a sistemática da xeneralidade frástica si vai quedar ó descuberto. A nosa descrición tentará ser exhaustiva e profunda, coherente coa realidade lingüística da *fala* e con independencia de adobíos teóricos que parcialicen de máis a análise sintáctica. A excesiva aridez, propia de tanta estatística, xustifícase coa rigorosidade duns datos que van permitir entrar con paso firme no eido deductivo: en bastantes ocasións o camiño que se seguiu escollía *a priori* unha filiación lingüística determinada, enunciando despois as características **fonolóxico-morfo**-sintácticas máis adecuadas.

3. A FRASE

Antes de iniciármola andaina no seo da frase nominal convén que fagamos algunha precisión: imos analizar en toda a súa complexidade os sintagmas que posúen como núcleo un nome, un adxectivo e un adverbio. Consecuentemente, e por simple comodidade expositiva, identificámo-la frase nominal, a frase adxectiva e a frase adverbial polos

⁵ Un estudio completo do eido sintáctico (frase e oración) excede, con moito, os límites deste traballo. Circunscíbimo-lo mesmo, xa que logo, ó primeiro deles: deixámo-lo ámbito verbal para un futuro próximo.

⁶ Do plano sintáctico sempre se di que é o que menos diferencias presenta entre as distintas linguas peninsulares (fálase del como o máis ‘inmóbil’ ou o que máis engorde evoluciona). Para nós esta afirmación non xustifica a súa eliminación, como tampouco a xustifican a súa complexidade –estámonos a mover no estrato relacional– ou a ausencia de especificidades rechamantes.

seus núcleos, respectivamente, un substantivo, un adxectivo e un adverbio. Consonte este criterio non oporémo-la frase preposicional ás anteriores porque non ten un núcleo diferenciado daquelas, iso si, faremos dela un subgrupo que se caracterice precisamente pola presenza do elemento relacional. Tampouco metemos no mesmo saco aquelas frases que teñen como núcleo un nome propio (antropónimo ou topónimo), pois o seu comportamento sintáctico non é o mesmo que o dos nomes comúns. Finalmente, e tamén como cuestión de procedemento, teremos en conta a función, frástica ou oracional, que desempeña a frase coas subdivisións sintácticas oportunas.

3.1. A frase nominal

Traspasámo-lo adro dos preámbulos e ofrecémo-los datos máis xerais relativos á frase nominal (a partir de agora FN). En total atopamos 394 FFNN⁷ no corpus que manexamos. Delas, o 52,3%⁸, son FFNN sen preposición e 188 van precedidas de preposición (47,7%). Destas últimas o 70,7% cumpre unha función oracional (33,7% do total de FFNN) e o 29,3% desempeña unha función frástica (14% do total de FFNN).

3.1.1. FN sen preposición

Imos agora coas 206 FFNN sen preposición. As distintas funcións sintácticas oracionais que realizan divídense do seguinte xeito:

Suxeito:	40,3%
Complemento directo:	48,1%
Atributo:	6,8%
Complemento circunstancial:	3,9%
Predicativo:	0,9%

3.1.1.1. FN sen preposición: Suxeito

Son 83 exemplos os que hai de FN na función de suxeito. En relación ó número de suxeitos explícitos representa o 48,3%. Sen querermos entrar en debates teóricos sobre a función que desempeñan no seo da frase os distintos segmentos funcionais que a configuran, imos diferenciar entre o que é o artigo (definido e indefinido) do resto: ben determinantes (posesivos⁹, indefinidos, numerais e demostrativos), ben modificadores (frases adxectivas¹⁰, frases preposicionais e subordinadas de relativo). Por isto e para lograr unha maior axilidade expositiva e facilita-la comprensión, baixo o termo de determinante non incluímo-lo artigo (nin definido nin indefinido), a este referirémonos directamente co seu propio nome (a menos que se diga o contrario). Analizando polo

⁷ Reiteramos novamente que computamos só aquelas que posúen como núcleo un substantivo.

⁸ Tódalas porcentaxes que ofrezamos van estar redondeadas ata o primeiro decimal.

⁹ Tampouco é este o lugar adecuado para debater sobre a interpretación sintáctica do posesivo: polo menos en galego, debido á obrigatoriedade na coaparición do artigo definido co posesivo cabe a posibilidade de interpretar ámbolos dous elementos como un único determinante en relación ó núcleo da FN. Xa veremos máis adiante cal é a escolla da *fala*.

¹⁰ Non imos establecer ningunha diferenza independentemente de que a frase adxectiva estea ou non configurada só polo núcleo.

miúdo os exemplos concretos da súa potencialidade combinatoria poderemos enxergalo grao de complexidade interna do nivel frástico, espello da cantidade de información capaz de vehicula-la lingua sen a necesidade dun predicado.

En total rexistramos 61 artigos definidos (73,5%), 6 artigos indefinidos (7,2%) e 16 exemplos (19,3%) non teñen artigo pero si outros elementos, á parte do núcleo. En consecuencia, non se documenta nin unha soa FN suxeito en que o núcleo careza de determinación e/ou modificación. O 32,5% presenta soamente un artigo (sen ningún outro determinante nin modificador), deles é o artigo definido en 25 exemplos (92,6%): cun uso específico: *ú zapateiru; á mullel; ás botijas; os lagaris; o museu...* (os máis), ou xeneralizador: *o homi; a cultura; a genti...*, e o artigo indefinido en dúas ocasións (7,4%): *un barullu; un valverdeiru, un mañegu i un lagarteiru*. Co artigo definido un 72% dos casos está en singular (cunha coordinación: *a uliveira i a viña*), os demais veñen en plural. Como xa vimos, co artigo indefinido os exemplos están en singular, tamén cunha coordinación. A proporción de artigos definidos respecto ó número total de artigos definidos no suxeito é do 41%, e para os indefinidos entre si é do 33,3%.

O 67,5%, pois, posúe un, dous ou tres elementos distintos do artigo realizando as funcións de determinación e/ou modificación. Estamos a falar, respectivamente, do 76,8%, 19,6% e 3,6%. ¿Cales son estes elementos que entran en xogo? Cando son tres hai unha frase preposicional, dúas frases adxectivas, dúas subordinadas de relativo e un indefinido. Nelas, hai: un en singular cun artigo definido, outro tamén en singular cun artigo indefinido e outro caso en plural sen artigo *mutus descendientis de valverdeirus, lagarteirus i mañegus, que curviviin estis días con «os de to o anu» en estis tres lagaris*.

Mergullámonos a continuación cos que presentan dous elementos distintos ó artigo. O reparto entre eles queda como segue: o 40,9% de frases preposicionais, o 22,7% son frases adxectivas, o 9,1% indefinidos e/ou numerais e hai tamén un posesivo e un demostrativo. Ademais, no 70% dos exemplos está presente un artigo definido (57,1% en singular), nun 10% temos un artigo indefinido (en singular) e nun 20% non aparece ningún artigo (repartidos por igual os singulares e os plurais). A súa distribución de dous en dous faise, nas combinacións máis usuais, do seguinte xeito: frase preposicional + frase adxectiva (27,3%); frase preposicional + subordinada de relativo (18,2%) e dúas frases preposicionais (18,2%): *a superfici total desti vali; as tinaixas de latón que tantus litrus de oiru líquidu guardorin; esti términu mañegu...*

Se na FN rexistramos un único elemento, sen conta-lo artigo, os datos que obtemos son os seguintes: nun 28,6% dos exemplos aparece unha frase preposicional, hai un 21,4% de posesivos, un 16,7% de indefinidos e/ou numerais, idéntica porcentaxe á de frases adxectivas, un 11,9% de subordinadas de relativo e un 4,8% de demostrativos. De todos estes casos hai, á parte, un 66,7% que presenta o artigo definido, o 75% deles en singular, un 31% non ten ningún artigo, o 61,5% en singular, e soamente un 2,3%, todos en singular, posúe un artigo indefinido. Sirvan de exemplos os seguintes: *as pilas das aditunas; ú rayu dú zagal; ú subriñu du cura; a nosa fala; nosa historia i cultura; tooas*

ás viciñas; toas as madris; tres lugaris; a nova carreteira; a fala materna; aditunas das que sacaban esi frutu que alumbraba en o candil...; ú caldeiru que colgaba das llaris; esta muelle; esas culturas...

3.1.1.2. FN sen preposición: Complemento directo

No corpus hai 99 FFNN sen preposición que desempeñan a función de complemento directo. Esta cifra supón o 54,7% do total de complementos directos. Como no caso anterior empezamos vendo cal é a cantidade de artigos que aparecen nelas. Así, un 36,4% de FFNN teñen artigo definido, a porcentaxe daquelas frases que non rexistran ningún artigo é do 47,5% e un 16,1% posúe artigo indefinido. De comparármola situación no suxeito e no complemento directo observámo-la diminución á metade dos artigos definidos, que redunda na duplicación dos artigos indefinidos e na multiplicación por dous e medio dos que non presentan ningún artigo no complemento directo respecto ó suxeito.

Imos estudar, xa que logo, a presenza/ausencia dos distintos elementos, artigos ou non, ó redor do núcleo da FN. Comezamos con aqueles casos que, ou unicamente teñen un artigo (definido ou indefinido), ou non teñen nada, fóra do núcleo. Un dos datos máis salientables é que rexistramos un 17,2% –en relación ó total de FFNN na función de complemento directo– de exemplos que non posúen ningún tipo de determinación nin de modificación (contrariamente ó que ocorría no caso do suxeito –0%–). Os substantivos que así aparecen son: *fomis, ingresus, ideas, culturas, fama, castellanu (2), mandil, adeiti e muñus*, nomes abstractos, continuos ou discontinuos tomados xenericamente representando unha clase. O resto dos exemplos son FFNN coordinadas sindética ou asindetivamente, cunha variedade semellante á anterior: *chozus i camiñus; amor i cariñu; farós i sartés; abolengu i uliveiras; camiñus i lugaris; patrimoniū, custumbris, tradicións...* Nelas respéctase a homoxeneidade interna dos membros coordinados excepto no caso de *abolengu i uliveiras*.

O noso percorrido lévanos agora ás FFNN que unicamente contan cun artigo. Soamente co artigo definido aparece un 21,2% do total de FFNN complemento directo, o 76,2% está en singular. A porcentaxe co artigo indefinido baixa ata o 8,1%, 87,5% en singular: *ú cu; u cuchinitu; os grifus; as casas; os escombrus i os ulvíus; un'a tratá; un recordu, un-a idea i un-a cuota...* De tomarmos como punto de referencia o número total de artigos ou de ausencia deles entre tódalas FFNN complemento directo, dos artigos definidos que atopamos, este aparece como único elemento determinante no 58,3% dos casos, o artigo indefinido supón o 50% e a ausencia de artigo abrangue o 36,2% de tódalas FFNN que non presentan artigo.

Seguimos coa análise dos exemplos que teñen algún determinante ou modificador (53,5%). É unha FN (1%) a que dispón de catro elementos marcadores do carácter específico da referencia: un demostrativo, unha frase adxectiva, unha frase preposicional e unha subordinada de relativo: *esti modestu museu du adeiti i o viñu, que hoxi inaguramuis [sic]*. Como vemos está en singular e non ten artigo. As FFNN que presentan dous (10% do total) teñen os seguintes constituíntes: frases preposicionais (35%), frases ad-

xectivas (25%), subordinadas de relativo (15%), indefinidos/numerais (20%) e, finalmente, demostrativos (5%). Delas, o 80% non presenta ningún artigo, e o definido e indefinido reparten cadanseu 10% de utilización. Polo que se refire ás súas combinacións as máis utilizadas son: indefinido/numeral + frase preposicional (30%); frase adxectiva + subordinada de relativo (20%); frase adxectiva + frase preposicional (20%): *esi frutu que alumbraba en o candil, o velón, nas lanternas, ...; muta custumbri de xugal ás vacas; bos sentimentus que dispois poemus repartil...; un lugal común dondi versi i encontrarsi...*

Por último quédannos aqueles exemplos que presentan un único elemento especificador distinto do artigo e que supoñen o 42,5% do total de FFNN complemento directo. ¿Cales son? O 26,6% frases preposicionais, o 24,6% frases adxectivas, o 20,6% subordinadas de relativo, o 17,9% indefinidos/numerais, posesivos nun 7,7% e demostrativos nun 2,6%. Ademais o 34,1% deles presenta un artigo definido, a metade en singular, o 17,1% ten tamén un artigo indefinido, co 85,7% en singular, e o 48,8% carece de artigo, 45% en singular: *ús santus d'a ermita; á toná de sempris; un-a emoción incomparabli; ús officus caseirus; má fucicu; á confianza que tiña cun áquela familia; os ricursus que a mairi naturaleda nos dotó; o lugal dondi nacemus; mutas faladurías; dúas cabus; nosus lugaris; estas terras...*

3.1.1.3. FN sen preposición: Atributo, Complemento circunstancial e Predicativo

A reducida cantidade de exemplos atopados desaconsella un estudo separado das mesmas. As FFNN en cada unha destas funcións representa, respectivamente, o 9,5%, o 3,1% e o 8,3% do total de atributos, complementos circunstanciais e predicativos. Lembremos agora as porcentaxes indicadas liñas arriba a propósito do total de FFNN sen preposición: 6,8% para o atributo, 3,9% no caso do complemento circunstancial e o 0,9% para o complemento predicativo. O número total de artigos definidos que se rexistran nestas tres funcións é do 29,2%, o de artigos indefinidos supón o 16,6%, e sen artigo está o 54,2% dos exemplos. Neste sentido cómpre subliña-lo reparto no complemento circunstancial: fronte a un 12,5% dos seus exemplos con artigo definido hai un 87,5% sen ningún tipo de artigo (ningún caso co artigo indefinido). No atributo a distribución é a seguinte: artigo definido 42,9%, artigo indefinido 21,4% e ausencia de artigo 35,7%.

Soamente hai dous exemplos sen determinante nin modificador: *viciñus* e «*chapurriau*», respectivamente atributo e predicativo. Hai un único exemplo de coordinación con artigo definido –atributo–: *ú allu patatas, ús tartabellacus i a ensalá de regaxial*. Só co artigo indefinido está *un tesoiru*, tamén na función de atributo. Os demais constan ben de dous (20,8%), ben dun único elemento (62,5%) –sen conta-los artigos– que desempeñan na frase as funcións de determinación ou de modificación. Algúns dos exemplos con dous son: *aquela mesma tardi; aquela noiti du casorio* complementos circunstanciais e *o principal objetivu de esta asociación; a lingua vulgar du pueblu sincillu* atributos. Nos que presentan un elemento distinto do artigo hai un 46,7% con frase

adxectiva, cun indefinido o 26,7%, frase preposicional e demostrativo cun 13,3% cada un. Ademais hai tres artigos definidos (20%), tres indefinidos (20%) e nove exemplos sen artigo de ningún tipo (60%): *un latín corruptu; un-a pequena mostra; boa guisandeira; otru día; mutas vedis; estis días; esta mañán...*

3.1.2. FN con preposición

Como xa se viu no apartado 3.1. temos 188 FFNN precedidas de preposición. A seguir comezamos con aquelas que desempeñan unha función oracional (70,7%), e continuaremos despois coas que cumpren unha función frástica (29,3%). Como xa fixemos antes imos ve-lo seu reparto segundo as distintas funcións sintácticas que desempeñan as primeiras:

Complemento circunstancial:	60,9%
Complemento preposicional:	27,8%
Complemento directo:	3,8%
Complemento indirecto:	3,8%
Predicativo:	3%
Atributo:	0,7%

3.1.2.1. FN con preposición: Complemento circunstancial

As FFNN precedidas de preposición representan o 31,4% dos complementos circunstanciais documentados. As preposicións que as introducen son as seguintes: *en* (40%), *con* (24,5%), *a* (14,5%), *por* (10%), *de* (4,4%), *entre* (3,3%), *para* (2,2%) e *ante* (1,1%). Coma sempre, empezamos reflectindo o número de exemplos que posúen ou non algún artigo: o 58% presenta artigo definido, o 37,1% non ten ningún artigo e unicamente no 4,9% dos casos hai un artigo indefinido.

Nun 27,2% dos exemplos hai soamente un artigo definido, cantidade que supón un 46,8 do total de artigos definidos que hai nas FFNN coa función de complemento circunstancial. Deles o 77,3% está en singular: *en ús níus; cun ú cura; á zapateía; pur o camiñu; en as cudiñas; na Ciai...* Un 12,3% non ten ningún tipo de determinación nin de modificación; o 60% está en singular: *en hebréu; por naciénti; con forza; de noiti; en casa; con soidi*; o 20% coordinados: *en firías i rozáuras; con facas, burrus i cabalus*; e tamén o 20% en plural: *con carozus; pur siglus*. Non hai nin unha soa frase que conte unicamente coa estrutura ‘artigo indefinido+núcleo’.

Temos un exemplo con tres elementos determinantes / modificadores (posesivo, frase adxectiva e frase preposicional) sen artigo e en singular: *en nosa última adamblea en As Ellas*. O 13,6% das frases presenta dous elementos dese tipo: frase adxectiva (27,3%), demostrativos (27,3%), frase preposicional (22,8%), subordinada de relativo (9,1%), indefinidos, numerais e posesivos cun 4,5% cada un. Deles hai un 18,2% con artigo indefinido, todos en singular, e un 81,8% sen artigo, 55,6% en singular. Algúns exemplos, a título ilustrativo, poden se-los seguintes: *con estas aguas que baxaban das serras; en aquela tardi d’envernu; pa u afianzamentu i expansión du castellanu; con certu airi dis-tinguíu; en estis tres lugaris; por esti val tan privilegiau...* As combinacións que máis

veces se repiten son as seguintes: frase adxectiva + frase preposicional (27,3%); demostrativo + subordinada de relativo (18,2%); demostrativo + frase preposicional (18,2%).

Finalmente resta por analiza-lo 45,7% que está integrado por exemplos que posúen un elemento determinante e/ou modificador: o 51,4% son frases preposicionais, o 16,2% demostrativos, o 10,8% frases adxectivas, outro 10,8% de indefinidos, o 5,4% numerais, o 2,7% subordinadas de relativo e outro 2,7% de posesivos. De todos estes exemplos o 67,6% presenta, ademais, un artigo definido, 64% en singular, un 5,4% ten tamén un artigo indefinido e un 27% non conta con ningún artigo, 70% de singulares. Algúns deles son os seguintes: *con o sabor dos milloris caldus; en 'u fugal du zapateiru; a casa dú cura*¹¹; *pur á culpa d'as mas linguas; cun estis recordus; de toas ás maneiras; cun u nosu mañegu, lagarteiru i valverdeiru; en tal orientación; cun aquela familia...*

3.1.2.2. FN con preposición: Complemento preposicional¹²

A cantidade de FFNN que desempeñan a función de complemento preposicional representa o 71,2% do total de complementos preposicionais. As preposicións que as introducen son: *de* (51,4%), *en* (16,2%), *a* (16,2%), *con* (13,5%) e *por* (2,7%). Os artigos definidos utilizados supoñen o 45,9%, idéntica porcentaxe que a ausencia de artigo, e o 8,2% para o artigo indefinido.

Un 27% das frases presenta como único acompañante lingüístico do núcleo un artigo definido, 60% en singular. Un 29,7% só ten o núcleo, 54,5% en singular, 36,4% de coordinacións e o resto en plural. Seguimos sen te-la estrutura 'artigo indefinido + núcleo'. Proporcionamos a continuación algúns exemplos: *du lugal; cun ú cura; dás llaris; de bálsamu; de adeiti; de tradición, costumbris i recordus...*

Vendo o que ocorre agora co resto de determinantes ou modificadores, observamos que só hai un exemplo con tres, numeral, frase adxectiva e subordinada de relativo, sen artigo: *con dois distintus departamentus, que eran Beira Alta con capital en Guarda, i a Beira Baxa con capital en Castelo Branco*. Con dous elementos determinando e/ou modificando na FN aparece o 10,9%, que se reparte: frases adxectivas, preposicionais e subordinadas de relativo cada unha co 25% de aparicións, e, despois, cun 12,5% tamén cada unha un indefinido e un demostrativo: *con esi terrenu extremeñu; en tos campus da vida...* A metade dos exemplos vén co artigo definido e a outra metade sen ningún artigo, o 75% en plural e o 25% como coordinación, sen que se repita ningunha das combinacións entre eles.

¹¹ Algúns dos textos de procedencia escrita, ó carece-la *fala* dunha normativa ortográfico-morfolóxica (segundo X. H. Costas González no seu artigo "Notas sociolingüísticas sobre os falares «galegos» da ribeira trevella-na (Cáceres)", *A trabe de ouro* 11, III, 1992, pp. 409-17, este é un dos obxectivos que tentarán conseguir nun futuro os estudiosos e asociacións das tres localidades, pág. 416), non utilizan o acento gráfico sistematicamente. Por iso ás veces non podemos saber se hai ou non artigo definido cando aparece a preposición *a*: no mesmo texto podemos atopar *a* ou *á* utilizados indistintamente como preposición, artigo ou contracción dos dous. Neste caso en particular sabemos que a preposición si está, no caso do artigo persiste a dúbida.

¹² Os criterios que manexamos á hora de asigna-la función de complemento preposicional, sobre todo o da recepción preposicional, aplicámoslos no seu sentido máis *lato*.

Queda por menciona-lo 29,7% de exemplos en que aparece un elemento distinto do artigo. Nun 36,4% son subordinadas de relativo, un 27,3% dos casos son frases preposicionais, e con esa mesma porcentaxe aparecen os indefinidos/numerais: *en un sitiú que quel ser desde mañán o relicariu...*; *pur un castellanu, un que mutas vedis hemus mitíu a pata*; *en o árbul de Minerva*; *du comportamentu d'a súa mullel*; *na mesma lingua*; *con os tres lugaris...* Un 45,6% destes exemplos están co artigo definido e hai un 27,2% de artigos indefinidos ó igual que de ausencia de artigo. O 66,7% está en singular, o 25% son coordinacións e o 8,3% en plural.

3.1.2.3. FN con preposición: Complemento directo, Indirecto, Predicativo e Atributo

Entre estas catro funcións chegan ó 11,3% do total de FFNN con preposición en función oracional. Son moi poucos exemplos para poder tirar deles, individualmente, conclusións válidas. Analizándoos conxuntamente, o 60% presenta artigo definido, o 77,8% en singular, o 33,3% non ten ningún artigo, o 60% en singular, e soamente no 6,7% dos casos aparece un artigo indefinido, en singular. Por funcións, o complemento directo conta cun 80% de artigos definidos, seguido do atributo cun 66,7% e do complemento indirecto cun 60%. Ademais o complemento directo é o único que sempre presenta algún artigo (definido ou indefinido). Catro exemplos, 26,7%, teñen a estrutura 'artigo definido + núcleo': *a ús zagalitus*; *a ó cura...* repartidos por igual entre o complemento directo e o indirecto. Soamente hai dúas frases que carecen por completo de determinantes e modificadores (13,3%): *en doti*; *a xenti*, predicativo e complemento indirecto respectivamente.

O resto dos exemplos vén con cadanseu elemento determinante ou modificador: frases adxectivas (44,4%), posesivos (33,3%), frases preposicionais (11,1%) e numerais (11,1%): *a un homi boo*; *á súa mullel*; *cun a parella en'a man*; *cumu gigantis panzús...* (complemento directo, indirecto, predicativo e atributo respectivamente). Un 66,7% deles conta, ademais, coa presenza do artigo definido, sen artigo están o 22,3% e co indefinido hai un único exemplo. A maioría atópase en singular (66,7%).

3.1.2.4. FN con preposición: Modificador frástico

Son 55 FFNN precedidas de preposición (14% do total) as que desempeñan a función de modificador frástico. A preposición que aparece practicamente sempre é *de* (96,4%), soamente hai dous exemplos con *en* (3,6%): un nun complemento circunstancial *nas custumbris i na fala*, e outro nun predicativo *en'a man*. ¿Cal é o reparto segundo a función sintáctica que desempeña a frase en que se insiren?

Complemento circunstancial:	34%
Suxeito:	28,3%
Complemento directo:	20,8%
Complemento preposicional:	7,5%
Atributo:	7,5%
Predicativo:	1,9%

Os datos sobre a utilización do artigo son os seguintes: o 70,9% presenta o artigo definido, o 25,5% non conta con ningún artigo e soamente o 3,6% ten un artigo indefinido.

Aqueles que non teñen ningún outro especificador excepto o artigo definido son o 45,4%: *do lugar; du cura; da historia; do muñu; d'as saias...*, o 85,3% en singular. A única porcentaxe rechamante, poñendo en xogo a función sintáctica da frase en que se insiren, é a do suxeito, pois o 66,7% destas frases preposicionais que desempeñan a función de modificación están incluídas neste grupo. Os casos que non teñen ningún elemento determinante ou modificador representan o 17%: *envernu, «figurín», fembra, cabra, ovu* son os substantivos que están en singular (e que supoñen o 55,6%), os demais son coordinacións *de chucallus i esquilas; de expresión i uniai; de homis i mulleris...* Novamente non hai ningunha frase coa estrutura 'artigo indefinido + núcleo'.

Unha frase presenta tres elementos, distintos do artigo: *de un mui inteligenti sintiu prácticu i natural de proveital os recursus que a mairi naturaleda nos dotó*. Como vemos son dúas frases adxectivas (unha coordinada) e unha frase preposicional, á parte dun artigo indefinido.

O 3,6% dos exemplos ten dous (tódolos exemplos en singular e a metade deles con artigo definido e a outra con artigo indefinido). O 50% son frases adxectivas, e o resto repártese por igual entre frase preposicional e subordinada de relativo: *da situación actual da nosa fala...*

Finalmente, o 32,7% conta cun determinante ou modificador: un 27,8% de frases preposicionais, un 22,2% de adxectivos, outro 22,2% de posesivos, un 16,7% de demostrativos, e as subordinadas de relativo e os numerais con cadanseu 5,6%. O 72,2% deles posúe, ademais, artigo definido, o resto non ten artigo, o 83,3% está en singular: *do curralón do lagar; de u castellanu de entoncis; d'as mas linguas; dos milloris caldus; do adeiti nosu; d'a súa mullel; d'aquelis tempus; de oitu anus...*

3.1.3. FN cun nome propio como núcleo

Como xa advertimos, facemos un subapartado expositivo con aquelas FFNN que posúen como núcleo un nome propio:

	SUX	CPREP	CCIR	ATRIB	MODIF	VOCATIVO
N. Propio (34):	23,5%	2,9%	11,7%	5,9%	53,1%	2,9%

Á vista desta táboa, nin que dicir ten que o dato máis salientable é a concentración de máis da metade dos exemplos nas frases preposicionais que desempeñan a función de modificador frástico. Os antropónimos que rexistramos son sete (20,6%) e os topónimos o resto. Agora ben, destes últimos hai catro exemplos en que os nomes das tres localidades (S. Martiño de Trevello, As Ellas e Valverde), xuntas ou por separado posúen o sema [+humano] porque se fai con elas unha prosopopea. Tres antropónimos veñen con artigo definido (42,9%) –amais da preposición *de*–*do Jestu* (2) e *da Jarita*, e catro carecen del (57,1%) *Mingu* (2) e, loxicamente, *de Catón* e *de Minerva*. Dos topónimos o único que presenta o artigo definido sistematicamente ó seu carón é As Ellas; nun caso (coordinación incluída) témo-la vacilación *Beira Alta / a Beira Baxa* e os demais non o levan nunca: *en As Ellas; de Valverdi; Sa Martín, Valverdi i As Ellas; de Salamanca;*

d'Orensi; en Toledu..., nin cos nomes xeográficos *de Gata; de Xálima* nin de país ou rexión *a Inglaterra; en Portugal; pa Portugal; de Navarra...*

3.1.4. Recapitulación a propósito da FN

Propoñémonos recompilar tódolos datos manexados dende a óptica dos distintos parámetros que fomos manexando ata aquí para caracteriza-las FFNN. Os números totais a propósito das mesmas son os seguintes:

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i> ¹³
FN (206):	40,3%	48,1%	-	-	3,9%	6,8%	0,9%	-
FPrep (188):	-	2,7%	2,7%	19,7%	43,1%	0,5%	2,1%	29,2%

Na táboa precedente observámo-la distribución das FFNN segundo a ausencia ou presenza de preposición. Os dous datos máis significativos son, por un lado, o 88,4% de FFNN que aparecen se sumámo-lo suxeito e mais o complemento directo e, por outro, o 62,8% que teñen entre o complemento preposicional e o complemento circunstancial (que ascende ata o 92% se contamos tamén cos modificadores frásticos) para a frase preposicional.

Imos ver agora o que acontece coa presenza/ausencia de artigo:

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i>
Def. ¹⁴ (216):	28,2%	18,5%	1,4%	7,9%	22,2%	2,8%	0,9%	18,1%
Indf. ¹⁵ (36):	16,7%	47,2%	-	8,3%	11,1%	8,3%	2,8%	5,6%
S. A. ¹⁶ (142):	11,3%	33,1%	1,4%	12%	26%	4,2%	2,1%	9,9%

Do total das 394 FFNN o artigo definido vén no 54,9% delas, o artigo indefinido témolo no 9,1% e a ausencia de artigo rexístrase no 36%. En canto ás tendencias de uso, obsérvase que o artigo definido prefire, nesta orde, as funcións de suxeito, complemento circunstancial, complemento directo e modificador frástico (frases preposicionais). Nos atributos e mais nos predicativos (ademais do complemento indirecto) destaca xusto polo contrario. O artigo indefinido, á parte da súa escaseza, céntrase claramente no complemento directo e despois, a moita distancia, aparece no suxeito e no complemento circunstancial. O complemento directo tamén é o que posúe case a terceira parte das FFNN sen artigo, despois está o complemento circunstancial e, bastante afastados, o complemento preposicional, o suxeito e os modificadores frásticos.

¹³ Por *MODIF* entendemos todas aquelas frases nominais precedidas de preposición que desempeñan a función de modificador no interior doutra frase.

¹⁴ *Artigo Definido*.

¹⁵ *Artigo Indefinido*.

¹⁶ *Sen Artigo* (definido ou indefinido).

Aproveitamos este punto para indicar dous usos concretos do artigo. No corpus atopamos nove referencias cos nomes das estacións do ano. Dúas delas desbotámolas porque na gravación non se aprecia de xeito fiable a presenza e/ou ausencia do artigo. Dos sete exemplos válidos para nós, hai dous co ‘inverno’ precedidos da preposición de sen artigo *de invernu; d’envernu*; os outros cinco documéntanse co ‘verán’ e coinciden plenamente todos na presenza da preposición *en* amais do artigo definido: *no verán*. En segundo lugar observámo-la distribución do artigo co substantivo *casa*. Os tres exemplos coa preposición *de* levan artigo; pola contra ningún dos tres que presenta a preposición *en* o leva. O resto tamén se reparte por igual: dous exemplos levan artigo: *por tódalas casas; as casas*, e outros dous non: *a casa; nun vorveu máis a casa dú cura*.

No seguinte cadro observámo-lo que ocorre co número. Ademais de indica-la porcentaxe de singulares (*SG*) e plurais (*PL*) facemos un apartado específico con aqueles exemplos que presentan unha coordinación (*Coord.*) de dous ou máis membros:

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i>
SG (256):	21,5%	22,3%	1,9%	8,2%	23%	3,9%	1,9%	17,3%
PL (100):	22%	34%	-	7%	27%	4%	1%	5%
Coord. (38):	15,8%	34,2%	-	23,7%	7,9%	2,6%	-	15,8%

Apréciase de contado o predominio do singular co 65% das FFNN, o plural presenta o 25,4% e a coordinación o 9,6% restante. O complemento directo é a función que concentra a meirande parte de plurais e mais de coordinacións, neste caso atópase a case once puntos de diferenza do segundo (o complemento preposicional).

A continuación reproducímo-lo reparto dos determinantes que non son o artigo:

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i>
Pos. ¹⁷ (22):	40,9%	18,2%	4,5%	-	13,7%	-	4,5%	18,2%
Dem. ¹⁸ (27):	7,4%	11,1%	-	3,7%	59,3%	7,4%	-	11,1%
Ind./Nm. ¹⁹ (46):	21,7%	26,1%	-	10,9%	28,3%	10,8%	-	2,2%

En total son 95 exemplos. Os indefinidos/numerais representan o 48,4%, os demostrativos o 28,4% e os posesivos o 23,2%. Estes últimos están concentrados no suxeito e, a máis distancia, nas frases preposicionais modificadores frásticos e no complemento directo. Pola contra os demostrativos (incidindo no valor da deíxe, da orientación...) concéntranse case nas dúas terceiras partes no complemento circunstancial. Os indefinidos/numerais tamén aparecen en maior medida nesa mesma función e, case en idéntica proporción, no complemento directo e, un pouco menos, no suxeito.

¹⁷ *Posesivo*.

¹⁸ *Demostrativo*.

¹⁹ *Indefinido/Numeral*.

Apuntamos brevemente algún dato sobre os indefinidos. De maior a menor utilización atopamos: *todo* (24,5%); *moito* (23%); *outro* (15,8%); *pouco* (10%); *mesmo* (7,1%); *algún*, *bastante*, *máis* e *tanto* (2,8% cada un); *certo*, *demasiado*, *menos*, *ningún*, *tal* e *varios* (1,4% cada un). En tódalas frases aparecen antepostos ó núcleo excepto en *na conversación mesma*. Igualmente só contamos cun caso que presenta dous indefinidos: *outro nome máis*. O indefinido vén a carón do núcleo da frase agás nos exemplos co cuantificador totalitario que intercalan o artigo definido (21,4% do total e 88,2% en relación unicamente ós casos de *todo*): *en tolos sitiis*; *de toalas clasis*; *tos us zagais qu'imus la...*; ou o posesivo: *tos nosus sentimentus*. Vimos de falar do artigo: o 28,6% dos exemplos posúe artigo definido e, deles, o 75% corresponde ó cuantificador totalitario: *toos ús días*; *toas as viciñas*; *ús otrus zagais*; *na mesma lingua*; *na mesma conversación...* Soamente rexistramos un caso de artigo indefinido *unha mesma lingua*, e outro de demostrativo *aquela mesma tardi*. O 38,6% dos indefinidos está nunha frase precedida de preposición e o 20% delas conta, ademais, cun modificador que sempre está posposto ó núcleo (no 78,6% dos exemplos procede da escrita). Un baixísimo 10% constitúe o total de casos en que o substantivo posúe o trazo [+humano]. Para acabar, fornecemos algúns exemplos máis: *muita helá*; *mutus ratus entrañablis*; *algunha parra*; *por ningún conceptu*; *otru día*; *en tal orientación*; *tantus litrus de oiru líquidu*; *bastanti cunfianza*; *de menos importancia*; *pouca cultura*; *un poico calor*; *varias vedis...*

Imos estudar algo máis en profundidade do que ata aquí os demostrativos, polo menos faremos unha análise de conxunto de todos aqueles que desempeñan a función de determinación na frase. Inicialmente referirémonos ó reparto en tres series: *este - ese - aquel*. A primeira supón o 56,1%, a segunda conta co 31,6% e a terceira co 12,3%. Necesitamos introduci-lo criterio diferencial dependendo da procedencia oral ou escrita dos exemplos. En efecto, no corpus oral a distribución das formas é do 41,7% para a primeira e do 58,3% para a segunda (non hai ningún exemplo da terceira), mentres que nos exemplos de procedencia escrita temos un 66,7% na primeira, un 12,1% na segunda e un 21,2% na terceira. Por suposto que a distinta procedencia na creación da mensaxe xustifica, polo menos en parte, esta desigualdade, pero a explicación pódese completar máis satisfactoriamente se nos axudamos dos ámbitos en que transcorre a deixé. Así, se nos servimos, por un lado, do valor espacial e/ou de realidade física dos demostrativos e, por outro, do valor temporal e/ou da (ir)realidade inmaterial, a proporción nos exemplos da *fala* procedentes do rexistro oral é de tres a un a favor tamén do primeiro valor; na escrita a proporción é de dous a un a favor tamén dos primeiros. De fixarnos só na terceira persoa nela tamén chega a ser de tres a un.

Tódolos demostrativos están antepostos ó núcleo da frase excepto catro exemplos recollidos nas gravacións e que citamos a continuación: *por tódalas casas estas d'arriba*; *a ventaja esa de que si agora me pregunta un en castellanu...*; *a carreteira esa que has vistu aí*; *a prensa esa*. Son, tamén, os únicos casos en que se documenta o artigo –definido– co demostrativo. O deíctico vén sempre pegado ó núcleo da frase me-

nos en dous exemplos que intercalan un indefinido e un adxectivo (16,7% en relación a tódalas FFAA presentes): *aquela mesma tardi e esti modestu museu*. Aproveitámo-la conxuntura para indicar que a porcentaxe total de frases coa estrutura ‘demostrativo + núcleo’ é do 71,9%. O 22,8% posúe algún outro determinante e/ou modificador: hai un 33,3% de FFAA, un 27,8% de frases con preposición, outro 27,8% de subordinadas de relativo e un 11,1% de indefinidos. Máis exemplos con FFAA son: *esas fábricas modelnas; esi terrenu extremeñu; por esti val tan privilegiau...*

Un 38,6% dos demostrativos localízase en FFNN que veñen precedidas de preposición. Novamente hai unha acusada diferenza entre o 16,7% de exemplos con preposición nos procedentes de gravacións e o 54,5% dos tomados da escrita. Tódolos substantivos con que aparecen posúen o trazo [-animado] excepto un 7% co trazo [+humano] (o 75% deles na escrita).

De seguido ímonos deter un pouco máis no posesivo. Queremos comproba-la súa distribución en relación a distintos parámetros, sobre todo coa determinación (mediante o artigo definido). Un dos máis serios investigadores da *fala*, X. H. Costas González, nun dos seus traballos despois de amosa-lo paradigma dos posesivos indica, na páxina 103: “Cómpre destacar tamén que o posesivo vai sempre precedido do artigo, agás nos mesmos casos en que no galego non aparece ou é optativo”²⁰.

¿E que indica ó respecto o estudio polo miúdo de exemplos do noso corpus da *fala*? Acabamos de ver na táboa precedente que, de entrada, os posesivos son os que contan co menor número de exemplos en relación ós determinantes (ou modificadores).

En segundo lugar, obsérvase a preferencia do posesivo pola función sintáctica de suxeito (*tema* informativo) que duplica as que comparten o segundo lugar: complemento directo e frase preposicional como modificador frástico.

Terceiro. O posesivo aparece na inmensa maioría dos exemplos en posición preuclear despois do sector determinativo, de habelo, os únicos casos que atopamos en posición posnuclear son dous: *do adeiti nosu* (modificador frástico) e *parenti mei* (atributo). Tamén son dous os exemplos que rexistramos en que o posesivo non se atopa a carón do núcleo, ben pola intercalación dun adxectivo *en nosa última adamblea*, ben porque se insire entrambos un numeral *nosas tres villas* –sen artigo–. Acabámonos de referir ó sector determinativo, pois ben, salvando os artigos, soamente temos dous exemplos en que o posesivo vén con outro determinante: o xa visto co numeral, e outro co cuantificador totalitario *tos nosus sentimentus*²¹.

Cuarto. Polo que se refire á utilización do artigo definido co posesivo hai que subliñar que un 53,6% deles leva artigo definido. Consecuentemente, un 46,4% non conta

²⁰ X. H. Costas González, “Breve caracterización das falas (fundamentalmente galegas) do val do río das Ellas”, *Cadernos de lingua* 6, 1992, pp. 85-107.

²¹ Á vista de que os outros cinco exemplos con posesivo que nos proporciona a escrita deste informante mañego si presentan artigo definido, e de que as outras dúas utilizacións gráficas que fai deste indefinido son *pa to mundu* e *en tos campus da vida*, inclinámonos a pensar que o exemplo que estamos a analizar tamén conta co artigo definido.

coa súa presenza. ¿Factores desta ausencia? ¿Os nomes de parentesco que supoñen un 35,7% do total de exemplos con posesivos?²² Non, porque se dá a casualidade que deles a metade leva artigo e a outra metade non (*i a sua mullel; o mei homi; o tei homi...; mei tíu; de seis pais; nosus fillus i netus...*) e, dos nomes que non implican parentesco, o 55,6% presenta artigo e o 44,4% restante non (*a nosa fala (5); da nosa asociación; a fala du mei lugal...; nosa fala; nosus lugaris; con sei puntu máis altu; con nosa fala...*). De estudiamos á parte a función sintáctica de suxeito observamos que nela a porcentaxe de utilización do artigo aumenta lixeiramente e sitúase no 63,6%.

En quinto e último lugar, faremos outros tres comentarios. O primeiro indica que o factor oralidade/escrita non intervén na maior ou menor presenza do artigo co posesivo. O segundo quere subliña-lo desigual reparto entre as formas do posesivo: a 1ª un 7,1%, a 2ª un 3,6%, a 3ª un 21,4% e a 4ª un 67,9%. O último refírese á documentación dun exemplo co ‘posesivo de respecto’ –sen artigo– *de mi pairi*.

Á vista dos nosos datos, parciais non o esquezamos, non podemos afirmar que na *fala* artigo e posesivo presentan a indisolubilidade que si teñen en galego: na nosa terra, polo de agora, é bastante difícil documentar un *en nosa terra*. ¿E cal pode se-la explicación da súa distribución? Coidamos que as dúas hipóteses principais que se poden barallar pasan, ben porque a fase actual conserve, aproximadamente, os trazos dunha situación primitiva, quen sabe se medieval, ben porque na *fala* se documente unha regresión na utilización do artigo co posesivo, debido, ó mellor, a interferencias con códigos lingüísticos veciños pero alleos ó seu propio sistema. Neste sentido sería interesante realizar un profundo estudo que contase con informantes que abranguesen un abano temporal o máis amplo posible. Desgraciadamente, polo menos ata o día de hoxe, carecemos de información lingüística que nos permita descubri-las pegadas da *fala* ó longo dos séculos.

Na táboa que segue enxergámo-lo que ocorre coa modificación:

	SUX	CDIR	CIND	CPREP	CCIR	ATRIB	PRTVO	MODIF
<i>FPrep</i> (89):	28,1%	22,5%	-	5,6%	29,2%	5,6%	1,1%	7,9%
<i>FA</i> (66):	21,2%	27,3%	1,5%	6%	16,7%	12,1%	3%	12,2%
<i>S. Rel.</i> ²³ (37):	29,8%	37,8%	-	18,9%	8,1%	-	-	5,4%

As porcentaxes no seu uso repártense así: o 46,3% para a frase preposicional que é, daquela, a preferida, o 34,4% para a frase adxectiva e, en último lugar, están as subordinadas de relativo cun 19,3%. Na súa distribución interna non hai ningunha porcentaxe que emerxa por riba das outras. Quizais é interesante adverti-la cantidade reducida de modificadores no seo dunha frase preposicional que á súa vez funciona como modifica-

²² Eles son os únicos nomes que están caracterizados co trazo [+humano], o resto dos substantivos con posesivo son inanimados.

²³ *Subordinada de relativo*.

dor. As subordinadas de relativo prefiren aquelas funcións sintácticas centrais: complemento directo e suxeito. O seu emprego, obviamente, é moito menor na fala que na escrita. As frases preposicionais, pola súa banda, prefiren a función de complemento circunstancial.

3.1.4.1. *Complexidade interna*

Chegados a este punto do traballo non podemos deixar de estudia-lo grao de complexidade no interior da FN. Nas catro táboas que amosamos a continuación reflectímo-la presenza ou non de artigos: *i)* sen ningún outro elemento a carón do núcleo, *ii)* cun elemento máis, *iii)* con dous ou *iv)* con tres elementos, determinantes ou modificadores:

i)

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i>
Só Def. (108):	23,2%	21,3%	1,8%	9,2%	20,4%	0,9%	-	23,2%
Só Indf. (5):	40%	40%	-	-	-	20%	-	-
Sen Det. ²⁴ (51):	-	33,4%	1,9%	2,7%	19,6%	1,9%	3,9%	17,6%

A porcentaxe parcial de cada unha destas tres posibilidades constructivas en relación á súa suma total é: *Só Def.* 65,9%, *Só Indf.* 3% e *Sen Det.* 31,1%. Tres son as conclusións básicas derivadas da lectura dos datos anteriores:

a) A presenza de artigos definidos concéntrase en catro funcións por igual: suxeito, complemento directo, complemento circunstancial e frases preposicionais que son modificadores (contrariamente ó que poderíamos pensar *a priori* a propósito, sobre todo, do complemento circunstancial).

b) Os pouquísimos exemplos que só teñen artigo definido e, pola contra, a gran cantidade de FFNN que carecen por completo de determinación (e de modificación), iso si, sen que teñamos nin un só exemplo no suxeito.

c) A terceira parte aparecen no complemento directo, e entre o complemento circunstancial e as frases preposicionais (modificadores frácticos) reparten un 37,2% do total.

ii)

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i>
Def. + 1 ²⁵ (93):	30,1%	17,2%	1,1%	5,4%	26,9%	3,2%	2,1%	14%
Indf. + 1 (18):	11,1%	44,5%	-	16,6%	11,1%	11,1%	5,6%	-
Sen A. + 1 (57):	22,8%	35,2%	1,7%	5,3%	17,5%	7%	1,7%	8,8%

Coma no caso anterior, imos ofrecer en primeiro lugar as porcentaxes de utilización relativa de cada unha destas tres opcións en relación ós 168 exemplos que suman: *Def.*

²⁴ *Sen Determinación* (nin modificación de ningún tipo).

²⁵ Repetimos que este dígito representa calquera segmento que desempeñe as funcións de determinación e/ou modificación no seo da FN.

+ 1: 55,4%, *Indf.* + 1: 10,7% e *Sen A.* + 1: 33,9%. Rexístrase, pois, unha utilización do artigo indefinido tres veces maior ca no grupo precedente e destaca o complemento directo como a función preferida para esta posibilidade lingüística da *fala*. Aquí xa atopamos bastantes casos en que o suxeito, ó posuír outro elemento especificador da súa referencia, non presenta artigo.

iii)

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i>
Def. + 2 (13):	53,8%	7,7	-	15,4%	-	15,4%	-	7,7%
Indf. + 2 (5):	20%	20%	-	-	40%	-	-	20%
Sen A. + 2 (22):	9%	36,5%	-	9%	40,9%	4,6%	-	-

O número total de exemplos é de 40. A proporción entre os tres ámbitos da análise é a seguinte: *Def.* + 2: 32,5%, *Indf.* + 2: 12,5% e *Sen A.* + 2: 55%. Este é o primeiro caso en que os exemplos que non teñen artigo superan a suma dos que si o presentan, dato que se vai repetir no cadro seguinte (que xa vai *in crescendo* dende o anterior). Esta evolución é lóxica dende o momento en que xa temos outros elementos lingüísticos desempeñando a función de especifica-lo ámbito de referencia do nome. Observemos tamén, entre outras cousas, o camiño inverso que seguen suxeito e complemento directo.

iv)

	<i>SUX</i>	<i>CDIR</i>	<i>CIND</i>	<i>CPREP</i>	<i>CCIR</i>	<i>ATRIB</i>	<i>PRTVO</i>	<i>MODIF</i>
Indf. + 3 (2):	50%	-	-	-	-	-	-	50%
Sen A. + 3 (4):	25%	25%	-	25%	25%	-	-	-

Son unicamente seis exemplos os que están nesta situación. O 66,7% pertencen ó grupo *Sen A.* + 3. Hai que constata-lo aumento proporcional (dentro, claro está, das marxes cativas que supón a reducida cantidade de exemplos concretos) que se produciu na función de modificador frástico na presenza do artigo indefinido segundo aumentaba o número doutros elementos no seo da frase. Esta tendencia afecta tamén á propia utilización do artigo indefinido.

Falta, para completármola totalidade dos exemplos, un complemento directo con catro elementos, un determinante e tres modificadores, sen artigo.

¿Que se pode concluír, en definitiva, da capacidade da FN para complexiza-la súa estrutura engadindo moita información sen necesidade de vehicula-la mesma a través dun verbo? Para tentarmos contestar a isto, imos ofrecer outro dato estatístico que suma o número total de determinantes e/ou modificadores que acompañan o núcleo da FN – incluíndo o artigo–. Así, obtémo-las seguintes cifras:

Sen determinación nin modificación:.....	51	exemplos
Cun determinante ou modificador:.....	170	"
Con dous determinantes e/ou modificadores:.....	134	"
Con tres determinantes e/ou modificadores:.....	22	"
Con catro determinantes e/ou modificadores:.....	3	"

Porcentualmente a evolución que se dá é a seguinte: 13,4% > 44,7% > 35,3% > 5,8% > 0,8%. Xa que logo, a franxa preferida polos exemplos do noso corpus, con moito, é a de un ou dous determinantes e/ou modificadores –nesta orde– co que semella que a FN prefere unha correcta especificación determinativa da súa referencia antes que abrirse ás posibilidades ilimitadas da cantidade de información que se pode transmitir utilizando a canle frástica. Convén lembrar aquí os 38 exemplos de FFNN coordinadas (9,6%), porque esta particular construción sintáctica, neste caso no ámbito frástico, permite ir sumando –nexuadamente– máis e máis constituíntes, máis e máis información sen excede-los límites da propia construción.

3.2. A Frase adxectiva

Xa sabemos, *grosso modo*, cal é a sistemática da FN na *fala*. Pasamos a continuación a estudar-la frase adxectiva (a partir de agora FA). Cómpre lembrar novamente os comentarios globais feitos ó comezo do apartado 3: imos analizar tódolos exemplos que presenten como núcleo un adxectivo. En primeiro lugar debemos advertir-la acusada desproporción de FFAA con respecto ás FFNN: hai cinco veces máis FFNN que FFAA. En total rexistramos 78 exemplos de FFAA. Imsos diferenciar claramente entre aquelas que desempeñan unha función oracional (atributo ou predicativo) e as que teñen unha función frástica (modificador).

No primeiro grupo entran 19 exemplos (24,4%), no segundo 59 (75,6%). Dos 19 que posúen unha función oracional desempeña a función de predicativo unha FA *de reca-deiru*, as demais son atributos (94,7%). O 63% dos exemplos está en singular, hai un 26,3% de plurais e un 10,5% de coordinacións (*recatá i honesta; funicia i rebordana*). O 68,4% refírese a entidades co trazo [+inanimado], co 31,6% restante é [+humano] excepto un exemplo [+animado] relativo ás andoriñas.

Algunhas destas FFAA, concretamente o 36,8%, levan algún tipo de modificación. As unidades que se encargan da mesma son, ben frases preposicionais (28,6%) *cheu d'agua quenti...*, ben adverbios (71,4%) *tan clara; máis claru; mui distintus...* Imsos procurar unha clasificación dos adxectivos segundo os conceptos básicos que expresan. Así, dentro da clase semántica que podemos agrupar como a do ‘valor’ inclúese o 47,4% dos exemplos *tan clara* [no sentido de comprensible]; *certu; máis probi; difícil; crucial...* O epígrafe de ‘propiedade física’ (interna ou externa) recolle o 26,3% dos exemplos *funicia i rebordana; cucius...* O 21,1% pódese incluír no ámbito da ‘dimensión’ *pequenu (2); pequenas...*, e o 5,2% restante está representado polo xentilicio *extremeñus*.

Falabamos antes de 59 FFAA que desempeñan a función de modificador frástico no seo dalgunha frase que á vez cumpre unha destas cinco funcións oracionais: complemento directo (23,8%), complemento circunstancial (22%), suxeito (16,9%), complemento preposicional (6,8%), predicativo (3,4%) ou complemento indirecto (1,7%); o 25,4% de FFAA que falta desempeña a función de modificación nunha frase que funciona, á súa vez, nun nivel xerárquico superior como modificador frástico.

O 61% destes adxectivos está en singular, o 28,8% en plural e soamente un 10,2% é

unha coordinación (sempre con dous membros e coa conxunción copulativa) *dergueñu i piquininu; domésticu i persoal; prácticu i natural...* Polo que se refire ó trazo da animación dos substantivos o 83,1% é [-animado] e o 16,9% é [+humano] (o 40% deles localízase no suxeito). O 84,7% dos adxectivos non presenta ningún modificador. O resto, 15,3%, si ten un adverbio modificándoos que vai sempre inmediatamente antes do adxectivo: *mui poicas; tan privilegiau; máis altu...*

Imos xogar agora co parámetro da situación prenuclear ou posnuclear das FFAA. Antepostas ó núcleo hai un 42,4%, pospostas un 57,6%. Tódolos exemplos de FFAA coordinadas aparecen pospostos. Cando a FA presenta un modificador adverbial entón amosa tamén a súa preferencia pola posposición (77,8%): *coisa máis linda; algu tan sagrau i radonabli; con sei puntu máis altu...* e *cun mui poicas diferencias nas costumbris; de un mui inteligenti sintíu prácticu i natural de aproveitall os ricursus*. Este último exemplo, ademais, é o único en que aparecen dúas FFAA, unha delas coordinada, cada unha a un lado do substantivo *sintíu*. O contexto de FA posnuclear con modificador adverbial é o único en que os adxectivos non están a carón do substantivo.

Na relación entre a FA e os posibles determinantes que teña a FN (fóra dos artigos) descubrimos que, nos oito casos que hai (catro demostrativos, tres posesivos, un indefinido e un numeral), nunca aparece artigo: *esti términu mañegu; por esti val tan privilegiau; con esi terrenu extremeñu; esti modestu museu, en nosa última adamblea; con sei puntu máis altu; con nosa fala identificaora i singular, cun certu airi distinguíu e con dois distintus departamentus*. Neles a FA vacila entre a anteposición (cun demostrativo, un posesivo e máis co numeral, en total o 37,5%), e a posposición ó substantivo (con tres demostrativos, dous posesivos e co indefinido, o 62,5%).

Antes de tentarmos elaborar unha clasificación conceptual básica dos adxectivos estudados é preciso dicir que o único exemplo que podemos encadrar cos epítetos é o de *i un chillíu tan forti*. Nel, as características presentes no substantivo aparecen retomadas e subliñadas dobremente pola suma de adverbio e adxectivo. Manexando a mesma distribución que utilizamos liñas atrás atopámo-lo seguinte reparto segundo os significados dos adxectivos: un 50,8% sitúase no campo semántico do ‘valor’ *má fucicu; o millol tesoiru; algu tan sagrau i radonabli; i bos pensamentus; boas brasas...*; un 16,9% identifícase como ‘propiedade física’ (interna ou externa) *en un-a estilizá máquina; a edición facsimilal; cumu gigantis panzús...*; un 13,6% pertence ó campo da ‘dimensión’ *O términu de Valverdi, máis grandí; con sei puntu máis altu; un cura (...)* *piquininu...*; o 6,8% está na ‘propensión humana’ *de un mui inteligenti sintíu...*; o 5,1% refírese á ‘idade’ *a nova carreteira...* e o resto dos exemplos son xentilicios *con esi terrenu extremeñu*. Comentario especial merece o adxectivo *bo* que, coas variantes xenéricas e numéricas, supón o 11,9% das FFAA, ó que hai que engadi-lo seu comparativo sintético (único que aparece) *millol* que se documenta nun 5,1% de ocasións.

Por último, como os subgrupos anteriormente expostos non sempre posúen fronteiras discretas facilmente opoñibles, convén que diferenciemos entre ‘propiedades físicas’

e ‘propiedades avaliativas’ para podermos enxergar con moita máis fiabilidade e nitidez a súa pertenza a dúas clases semánticas moito máis xenéricas. As FFAA que desenvolven unha función oracional presentan un reparto máis ou menos igualado do 52,6% das primeiras fronte ó 47,4% das segundas. Nas FFAA que desempeñan unha función frástica o 57,6% pertence ás ‘físicas’ e o 42,4% ás ‘avaliativas’.

3.3. A Frase adverbial

E entramos na terceira e última modalidade de frase obxecto do noso estudio, a frase adverbial (que citaremos, a partir de aquí, como FAV). En total son 87 as FFAVS que localizamos no noso corpus. Delas o 18,4% desempeña a función frástica de modificador e o 81,6% ten unha función oracional. As primeiras son FFAVS que, na súa maioría modifican a unha FA (87,5%): *tan clara*; *máis grandi*; *mui poicas*, soamente contamos con dous exemplos en que o adverbio modifica a outro adverbio: *máis adientri* e *tan lonshi*. Hai dous casos en que na FA temos unha coordinación, o adverbio só aparece ó comezo sen repetirse: *mui recatá i honesta* e *tan sagrau i radonabli*. Redúcese a tres os adverbios que atopamos desempeñando esta función frástica: *máis* (37,6%), *tan* (31,2%) e *mui* (31,2%).

E pasamos a analizar aquelas FFAVS que desempeñan unha función oracional, a de complemento circunstancial. De tódolos complementos circunstanciais presentes supoñen o 28,2%. O 81,8% delas está composta soamente polo adverbio. O 7% presenta algún modificador, o 5,6% vén precedido de preposición e o 5,6% restante podémolo incluír dentro das locucións adverbiais. Das FFAVS que teñen algún modificador xa vimos no parágrafo anterior cales son as que presentan un adverbio desempeñando esa función. Nos outros exemplos rexistramos frases preposicionais cubrindo ese espazo funcional: *fora da terra*; *longi d’elis*; *cerca d’esparrafal*. Así mesmo cómpre dicir que estas FFAVS teñen todas un valor locativo (incluímo-lo sentido figurado) e sempre aparecen pospostas ó predicado.

As FFAVS que veñen introducidas por unha preposición son as seguintes: *p’alá*; *pa cá*; *hasta entoncis*; *desde mañán*. Todas menos a terceira aparecen pospostas ó predicado. Entre elas reparten por igual os valores locativo e temporal. Os sintagmas que incluímos liñas arriba como locucións presentan na súa composición unha preposición seguida, ben dun adxectivo *en sigúa* (2); *a minú*, ben dun substantivo *en frenti*. Excepto a *minú* todas están antepostas ó predicado.

Quédannos por ver aquelas FFAVS que soamente contan co núcleo adverbial, sen ningún outro elemento no seu interior. Comezamos tentando establecer unha tipificación dos mesmos segundo os distintos valores que posúan. O 30,3% dos adverbios teñen un carácter locativo no espazo, o 26,7% remiten a unha localización temporal: *prontu*; *agora*; *hoxi*; *ia*; *dispois*; *andispois*; *aiel*, o 11,6% expresan unha avaliación do evento: *ben*; *millol*; *mal*, o 9,3% presentan un valor iterativo: *sempris*; *nunca*; *jamais*, o 8,1% refírense a cantidade: *poicu*; *mutu*; *máis*, o 7% especifican unha relación: *ademais*; *ta-mén*, o 3,5% son modais: *igual*; *sólu* e o 3,5% final son adverbios en *-mente*: *primeira-*

menti; normalmenti... É obvio comentar que é a franxa da localización –espacial ou temporal– a que conta coa maior porcentaxe de adverbios. Agora ben, cómpre xogarmos coa procedencia oral/escrita dos exemplos para advertir inmediatamente un desfase na súa distribución. Daquela, mentres na escrita hai un 19% de locativos espaciais, no rexistro oral hai un 53,6% e mentres o primeiro conta cun 32,8% de locativos temporais, o segundo dispón dun 14,3%. A preferencia polo aspecto locativo-situacional do referente extralingüístico na vertente oral da *fala* faise evidente.

De observa-la disposición pre ou posverbal das FFAVS témo-los seguintes datos: anteposto ó predicado atópase o 41,9%, posposto está o 58,1%. Novamente debemos sacar á luz o desfase amosado pola distinta procedencia dos exemplos. Así, na oralidade, soamente contamos cun 21,4% de FFAVS antepostas (78,6% de posposicións), mentres na escrita a porcentaxe de FFAVS antepostas sobe ata situarse no 51,7% (48,3% de exemplos pospostos).

Conscientemente non mencionamos ata aquí nin un só exemplo de adverbio espacial porque queremos indica-las distintas formas que constitúen o paradigma completo: *aquí-ai-alí; acá/cá-alá/lá; arriba e abaixo* (estas dúas últimas presentan cada unha un exemplo). A proporción de *aquí-acá/cá* é de cinco a un a favor da primeira forma. No caso de *alí-alá/lá* por cada dous *alí* hai tres *alá* ou *lá*. Pola súa banda *lá* é moito máis usado ca *alá*, de feito só atopamos un exemplo desta última *p'alá* que nos pode facer dudar incluso de que no fondo non esteamos tamén diante de *pa+lá*, lembrémo-lo xa comentado a propósito da variabilidade ortográfica. A variante *lá* témola independentemente de que o contexto fonético precedente remate en vocal ou en consoante: *s'espatarró lá; quimus lá*. A distribución das formas en *-i* ou en *-a* ¿responde a algún(s) criterio(s) concreto(s)? Nos datos que se desprenden do noso corpus non se advirte que funcione na escolla ningún factor do tipo maior ou menor concreción do lugar ou da situación en movemento ou repouso. Polo contrario, o que si observamos é a tendencia a documenta-las formas en *-i* en S. Martiño de Trevello e as formas en *-a* en Valverde e nas Ellas. De tódolos xeitos esta hipótese deberá ser debidamente contrastada co estudio dun corpus moito máis amplo có noso.

4. A XEITO DE EPÍLOGO

E o periplo frástico aporta á fin. A nosa singradura percorreu un número reducido de augas, deixando un ronsel lingüístico convenientemente anotado no diario de a bordo. A súa exhaustividade poida que tolde a lectura e provoque que a comprensión da sistemática frástica na *fala* quede varada e non chegue a porto: nin bo, nin malo. Nas distintas etapas da navegación fomos reducindo a casuística, adrede, case ata o infinito, non nun afán de desagregación na busca do *cuarc* lingüístico senón de comprensión da totalidade mediante a análise profunda de tódolos elementos individuais pertinentes.

Nas distintas recaladas frásticas (nominal, adxectiva e adverbial) fomos vendo a combinatoria sintáctica nos niveis xerarquicamente superior (función en relación ó predicado) e inferior: funcións de determinación e modificación no interior da frase. Atendemos tamén a aspectos formais como poden se-la presenza ou non de preposición, ó xénero e ó número, á orde dos elementos na cadea, á combinatoria dos mesmos entre si e ós posibles aspectos significativos pertinentes que teñen algunha repercusión lingüística.

Cremos que o coñecemento intrínseco de todos e cada un dos estratos lingüísticos da *fala* é condición *sine qua non* para podermos chegar a apreixa-la súa sincronía en toda a súa amplitude, e só dese xeito, unha vez que posuámo-la mesma información doutros códigos lingüísticos veciños ou irmáns, poderemos establecer filiacións máis ou menos profundas. Esta viaxe só quere invita-los lectores que ata aquí chegaron a que se convertan en futuros navegantes dun mar vizoso que aínda está por descubrir. E vai se-la suma de traballos e esforzos parciais o que permita trazar con precisión matemática todos e cada un dos meridianos e paralelos do mapa da *fala*, que así cartografado posibilitará que todo o mundo poida sucar sen perderse a inmensidade lingüística mañego-lagarteiro-valverdeira.